

ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Artigo 1.- Fundamento e obxecto.

1.1. De conformidade co previsto nos artigos 57 e 20.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Narón establece a taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e pola utilización daquelas, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

1.2. Será obxecto desta exacción a prestación de servizos e a utilización das instalacións seguintes:

A) PAVILLÓNS, PISTAS EXTERIORES E CIRCUITO MULTIUSOS:

A-1) Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Cancha Central.

A-2) Pavillóns Campo da Serra, Lagoas e Solaina.

A-3) Pavillóns da Mocidade, Pavillón de Piñeiros, Pavillón do Val, Pavillón de Castro e Pavillón de Sedes.

A-4) Pistas deportivas exteriores.

A-5) Circuito multiusos (Ciclismo, Motociclismo e outros deportes ó aire libre).

B) PISCINAS:

B-1) Piscina cuberta climatizada.

B-2) Piscina terapéutica.

B-3) Piscina de verán ao aire libre.

C) XIMNASIOS E SAUNAS

ESCOLAS DEPORTIVAS

D-1) Descentralizadas.

E) ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE PARA ACTIVIDADES EN GRUPO

F) ABONO FAMILIAR

G) ESTADIO MUNICIPAL

Pistas de atletismo.

Pistas de Lanzamento

Campo de fútbol herba natural

Campo de fútbol de herba artificial

H) OUTROS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA NATURAL

I) CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL

J) CIRCUITO DE AUTOMODELISMO

K) PISTA DE TIRO CON ARCO

L) REPOSICIÓNS DE TARXETA E/OU OUTROS DE USUARIOS.

Artigo 2. Feito imponible.

1.Constitúe o feito imponible da taxa a utilización das instalacións deportivas ou a prestación dos servizos especificados nas tarifas contidas no artigo 4 da presente ordenanza. Utilizarase o sistema de tarifa fixa, graduándose esta en función da instalación utilizada e o tempo de aproveitamento

Artigo 3. Suxeito pasivo.

1.Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos comprendidos nesta ordenanza e quen utilice as instalacións aínda sen ter obtido a preceptiva autorización.

2. Tamén terán a condición de contribuíntes as asociacións ou entidades que soliciten a utilización das instalacións para os seus afiliados ou socios.

3. Nos supostos de utilización ou prestación de servizos deportivos por menores de idade, terá a condición de suxeito pasivo o pai ou titor legal dos mesmos.

Artigo 4 – Tarifas

Artigo 4.1. Tarifas

A) PAVILLÓNS

A-1) COMPLEXO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA GÁNDARA – CANCHA CENTRAL

1.- Adestramento, Competición ou Actividade Deportiva sen despacho de billetes:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
1.1	Adestramento ou Competición de Clubes de Biberón a Xuvenil	12,00 €
1.2	Adestramento de Clubes de Biberón a Xuvenil (1/3 Pista)	5,60 €
1.3	Adestramento ou Competición de Clubes Senior ou Aluguer Libre para Actividade Deportiva	31,15 €
1.4	Adestramento de Clubes Senior ou Aluguer Libre para Actividade Deportiva (1/3 Pista)	14,40 €
1.5	Adestramento ou partido liga de veteranos Federación	17,55 €
1.6	Acto deportivo con despacho de billetes : Euros/acto	210,00 €

2 - Actividades deportivas para clubs que asinan un convenio co Concello de Narón e Clubs Federados de Narón:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
2.1	Adestramento Pista Completa	6,10 €
2.2	Adestramento 2/3 Pista	4,85 €
2.3	Adestramento 1/3 Pista	3,55 €
2.4	Competición ou Acto de Clubes ou Entidades Deportivas con despacho de billetes	10,20 €
2.5	Competición ou Acto de Clubes ou Entidades Deportivas sen despacho de billetes	8,15 €

2.6	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar	2,50 €
-----	--	--------

3 – Actos non deportivos: Euros/utilización do pavillón.

Actos alleos ao deporte organizados por sociedades, grupos políticos e asociacións de todo tipo, festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional: Euros/Acto

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Acto /Día
3.1	Acto	1.674,30 €

A-2) PAVILLÓNS CAMPO DA SERRA, PAVILLÓN DAS LAGOAS E PAVILLÓN DA SOLAINA

4.- Adestramento, Competición ou Actividade Deportiva sen despacho de billetes:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
4.1	Adestramento ou Competición de Clubes de Biberón a Xuvenil	7,95 €
4.2	Adestramento de Clubes de Biberón a Xuvenil (1/3 Pista)	5,35 €
4.3	Adestramento ou Competición de Clubes Senior ou Aluguer Libre para Actividade Deportiva	21,05 €
4.4	Adestramento de Clubes Senior ou Aluguer Libre para Actividade Deportiva (1/3 Pista)	14,50 €
4.5	Acto deportivo con despacho de billetes : Euros/acto	140,00 €

5 - Actividades deportivas para clubs que asinan un convenio co Concello de Narón e Clubs Federados de Narón:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
5.1	Adestramento Pista Completa	5,35 €
5.2	Adestramento 2/3 Pista	4,05 €
5.3	Adestramento 1/3 Pista	2,55 €
5.4	Competición ou Acto de Clubes ou Entidades Deportivas con despacho de billetes	8,15 €
5.5	Competición ou Acto de Clubes ou Entidades Deportivas sen despacho de billetes	6,95 €
5.6	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar	1,75 €

6 – Actos non deportivos: Euros/utilización do pavillón.

Actos alleos ao deporte organizados por sociedades, grupos políticos e asociacións de todo tipo, festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional: Euros/Acto

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Acto /Día
6.1	Acto	1.674,30 €

A-3) PAVILLÓN DA MOCIDADE, PAVILLÓN DE PIÑEIRO, PAVILLÓN O VAL, PAVILLÓN DE CASTRO E PAVILLÓN DE SEDES

7 - Adestramento, Competición ou Actividade Deportiva sen despacho de billetes:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
7.1	Adestramento ou Competición de Clubes de Biberón a Xuvenil	3,85 €
7.2	Adestramento de Clubes de Biberón a Xuvenil (1/3 Pista)	2,55 €
7.3	Adestramento ou Competición de Clubes Senior ou Aluguer Libre para Actividade Deportiva	10,10 €
7.4	Adestramento de Clubes Senior ou Aluguer Libre para Actividade Deportiva (1/3 Pista)	5,80 €
7.5	Aluguer outras salas a clubs	3,15 €
7.6	Acto deportivo con despacho de billetes. Euros/Acto	68,00 €
7.7	Acto ou competición de clubs que asinan convenio co Concello de Narón e Clubs Federados de Narón con apertura, peche e limpeza da instalación.	10,00 €

8 - Actividades deportivas para clubs que asinan un convenio co Concello de Narón e Clubs Federados de Narón:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
8.1	Adestramento Pista Completa	3,00 €
8.2	Adestramento 2/3 Pista	2,75 €
8.3	Adestramento 1/3 Pista	2,55 €
8.4	Competición ou Acto de Clubes ou Entidades Deportivas con despacho de billetes	7,15 €
8.5	Competición ou Acto de Clubes ou Entidades Deportivas sen despacho de billetes	5,95 €
8.6	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar	1,50 €

9 – Actos non deportivos: Euros/utilización do pavillón.

Actos alleos ao deporte organizados por sociedades, grupos políticos e asociacións de todo tipo, festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional: Euros/Acto

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Acto /Día
9.1	Acto	227,20 €

10 – Ximnasio Pavillón da Mocidade

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
10.1	Sala de Musculación unha sesión	2,20 €
10.2	Sala de Musculación 2 días á semana (Euros/Mes)	15,15 €
10.3	Sala de Musculación 3 días a semana (Euros/Mes)	19,50 €
10.4	Sala de Musculación 5 días á semana (Euros/Mes)	28,15 €
10.5	Sala de Musculación 5 días á semana: (Euros/Mes) (Horario de mañá)	23,80 €
10.6	Clubs (Segundo dispoñibilidade de horario (Euros/hora)	3,50 €

A-4) PISTAS DEPORTIVAS EXTERIORES

11 – Actividades deportivas

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
11.1	Categoría Senior	13,55 €

12– Espectáculos e festas: Euros /utilización.

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Hora
12.1	Por acto	419,20 €

A-5) CIRCUITO MULTIUSOS (Ciclismo, motociclismo e e outros deportes ao aire libre)

13 - Actividades deportivas:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / hora
13.1	Circuito de ciclismo	
13.1.1	Adestramento individual	10,85 €
		Euros / mes
13.1.2	Adestramento de clubs segundo o convenio co Concello de Narón (colectivo 30 horas/mes).	21,65 €
13.2	Circuito de motociclismo	
13.2.1	Adestramento individual	21,65 €
		Euros / mes
13.2.2	Adestramento de clubs segundo o convenio co Concello de Narón (colectivo 30 horas/mes).	43,30 €
13.3	Outros deportes ó aire libre	
13.3.1	Adestramento individual	10,85 €

		Euros / mes
13.3.2	Adestramento de clubs que asinan un convenio co Concello de Narón (colectivo 30 horas/mes)	21,65 €

B) PISCINAS

B-1) PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA- PISCINA POLIVALENTE E/OU OUTRAS PISCINAS MUNICIPAIS

14 – Baño libre (Individual e/ou colectivo)

14.1 - Taxa por persoa e/ou colectivo e tempo de uso: Euros/uso de 45'

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Uso
14.1.1	Nenos ata 18 anos	2,20 €
14.1.2	Adultos (maiores de 18 anos)	3,20 €
14.1.3	Maiores de 65 anos ou pensionistas	2,70 €
14.1.4	Abono natación familiar para baño libre (32 baños)	60,30 €
14.1.5	Abono natación familiar para baño libre (20 baños)	42,00 €
14.1.6	Aluguer da piscina para uso exclusivo con material deportivo e de recreo	84,45 €
14.1.7	Aluguer de cada rúa sen monitor	12,00 €
14.1.8	Aluguer de cada rúa con monitor	33,45 €
14.1.9	Aluguer piscina para cursos	
14.1.9 a	Cada rúa	42,65 €

15– Adestramentos e competición de clubs ou entidades deportivas que asinan un convenio co Concello de Narón e/ou Clubs Federados de Narón

CODIGO	ACTIVIDADE	Taxa por 45 minutos
15.1	Cada rúa	1,50 €
15.2	Cada rúa (Meses de xullo e agosto)	2,55 €
15.3	Cursos especiais realizados por clubs que asinan un Convenio co Concello de Narón ou Clubs Federados de Narón.(Cada rúa)	3,25 €
15.4	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar (cada rúa)	1,75 €
15.5	Competición Oficial :	
15.5.1	Por cada xornada de ata un máximo de 5 horas	58,55 €

16 – Escolas deportivas na piscina.

16.1 – Natación para nenos e nenas

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros Mes Usuario
16.1.1	Iniciación e perfeccionamento (1 día á semana 30' cada día)	8,80 €
16.1.2	Iniciación e perfeccionamento :(2 días á semana 30' cada día)	17,55 €
16.1.3	Cursos intensivos de Iniciación e/ou perfeccionamento (5 días á semana) 30'cada día	35,00 €

16.2 - Cursos de iniciación e perfeccionamento; Matronatación, Natación post-parto, aquarunning e Recuperación funcional ou terapéutica e outros.

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros Mes Usuario
16.2.1	Opción A: 1 día á semana -sesión 45 minutos/día	20,00 €
16.2.2	Opción A: 1 día á semana -sesión 45 minutos/día (Maiores de 65 anos ou pensionista)	13,50 €
16.2.3	Opción B: 2 días á semana-sesión 45 minutos /día	29,15 €
16.2.4	Opción B: 2 días á semana-sesión 45 minutos /día (Maiores de 65 anos ou pensionista)	20,05 €
16.2.5	Opción B: 3 días á semana-sesión 45 minutos /día	38,50 €
16.2.6	Opción B: 3 días á semana-sesión 45 minutos /día (Maiores de 65 anos ou pensionista)	30,30 €

B-2) PISCINA TERAPÉUTICA OU VASO TERAPÉUTICO

A utilización da piscina terapéutica será preferentemente para os grupos contemplados nos apartados 16.3, 17 e 18 da presente ordenanza (natación diversidade funcional, natación bebés e recuperación funcional) que simultanearán, a xuízo do monitor, nos seus horarios o traballo nos vasos terapéutico e convencional. Tamén en ocasións excepcionais farán uso do citado vaso os grupos de iniciación, perfeccionamento de adultos e usuarios de baño libre a xuízo do socorrista

16.3 – Programas para persoas con diversidade funcional (Estas mesmas taxas serán de aplicación cando o programa de persoas con diversidade funcional se leve a cabo na Piscina Polivalente)

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros Mes Usuario
16.3.1	Natación diversidade funcional (1 monitor por grupo de 5 usuarios) Un uso semanal	8,35 €
16.3.2	Natación diversidade funcional (1 monitor por grupo de 5 usuarios) Dous usos semanais	12,15 €
16.3.3	Natación diversidade funcional (1 monitor por grupo de 5 usuarios) Tres usos semanais	16,10 €
16.3.4	Natación diversidade funcional con axuda de terceira persoa (Máis de 1 monitor por grupo de 5 usuarios a determinar segundo grao de incapacidade) Un uso semanal	25,15 €

16.3.5	Natación diversidade funcional con axuda de terceira persoa (Máis de 1 monitor por grupo de 5 usuarios a determinar segundo grao de incapacidade) Dous usos semanas	36,65 €
16.3.6	Natación diversidade funcional con axuda de terceira persoa (Máis de 1 monitor por grupo de 5 usuarios a determinar segundo grao de incapacidade) Tres usos semanas	48,45 €
16.3.7	Natación diversidade funcional individual con monitor por dos usuarios (a determinar segundo grao de incapacidade) Un uso semanal.	25,15 €
16.3.8	Natación diversidade funcional individual con monitor por dos usuarios (a determinar segundo grao de incapacidade) Dos usos semanais	36,65 €
16.3.9	Natación diversidade funcional individual con monitor por dos usuarios (a determinar segundo grao de incapacidade) Tres usos semanais	48,45 €
16.3.10	Natación diversidade funcional individual con monitor por tres usuarios (a determinar segundo grao de incapacidade) Un uso semanal	25,15 €
16.3.11	Natación diversidade funcional individual con monitor por tres usuarios (a determinar segundo grao de incapacidade) Dos usos semanais	36,65 €
16.3.12	Natación diversidade funcional individual con monitor por tres usuarios (a determinar segundo grao de incapacidade) Tres usos semanais	48,45 €

17 - Natación para bebés. (€ / Mes)

Esta actividade está destinada a nenos e nenas dende os 6 meses ata o 3 anos. Cumpridos os 3 anos, estes nenos e nenas deberán pasar ás escolas de natación (Idade de 3 a 15 anos)

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
17.1	Opción A: (1 día á semana 45')	24,90 €
17.2	Opción B: (2 días á semana 45' cada día)	33,55 €

18 - Actividade de fitness /natación terapéutica e/ou recuperación funcional e outras (vaso terapéutico) (€ / Mes)

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
18.1	Opción A: (1 día á semana 45')	20,00 €
18.2	Opción A: (1 día á semana 45') Maiores de 65 anos ou pensionistas	13,50 €
18.3	Opción B: (2 días á semana 45' cada día)	29,15 €
18.4	Opción B: (2 días á semana 45' cada día) Maiores de 65 anos ou pensionistas	20,05 €
18.5	Opción C: (3 días á semana 45' cada día)	38,50 €
18.6	Opción C: (3 días á semana 45' cada día) Maiores de 65 anos ou pensionistas	30,30 €

19 - Actividade libre. Taxa, por persoa e tempo de uso: Euros/uso de 45'.

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
19.1	Nenos ata 18 anos	2,20 €
19.2	Adultos (maiores de 18 anos)	3,20 €
19.3	Terceira idade (maior de 65 anos ou pensionista)	2,70 €
19.4	Abono natación familiar para baño libre: 32 baños de 45'	60,30 €
19.5	Abono natación familiar para baño libre: 20 baños de 45'	42,00 €
19.6	Aluguer vaso terapéutico (Actividade Libre sen monitor)	€/ 45'/ grupo
19.6.1	Aluguer para grupos cun máximo de 8 persoas	32,45 €
19.7	Aluguer vaso terapéutico (con monitor)	€. 45'/ grupo
19.7.1	Aluguer para grupos cun mínimo de 5 persoas e un máximo de 8.	48,70 €

B-3) PISCINA DE VERÁN AO AIRE LIBRE

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
20.1	Entradas de menores (ata 14 anos)	1,50 €/día
20.2	Entrada de maiores de 14 anos	3,00 €/día
20.3	Abono mensual menores (ata 14 anos)	20,00 €/mes
20.4	Abono mensual maiores de 14 anos	25,00 €/mes
20.5	Abono familiar mensual	40,00 €/mes
20.6	Aluguer para clubs federados de Narón (aluguer por horas)	2,30 €/hora
20.7	Aluguer para clubs federados de Narón (aluguer por días)	12,00 €/día

C) SALAS DE XIMNASIO, MUSCULACIÓN, SAUNAS E SALA DE RECUPERACIÓN FUNCIONAL

21- Ximnasia de Mantemento–Sauna; Pilates-Sauna; loga – Outras actividades

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros/Mes
21.1	Ximnasia mantemento-sauna; Pilates-Sauna; outras actividades(3 días á semana)	25,95 €
21.2	Ximnasia de mantemento-sauna: Pilates-Sauna; outras actividades (3 días á semana)- Maiores de 65 anos ou pensionistas	15,10 €
21.3	Combinada (ximnasia de mantemento-sauna-piscina) (2 días no ximnasio 1 día na piscina nado libre)	30,30 €
21.4	Combinada (ximnasia de mantemento-sauna - piscina) (2 días no ximnasio 1 día na piscina baño libre) Maiores de 65 anos ou pensionistas	18,00 €
21.5	Pilates - Sauna e outras actividades (2 días á semana) :	17,35 €
21.6	Pilates – Sauna e outras actividades (2 días á semana) Maiores de 65 anos ou pensionista	12,15 €
21.7	loga (2 días á semana 1 hora c/día	11,10 €
		Euros/Hora

21.8	Aluguer do ximnasio: colectivos senior máximo 25 participantes	18,70 €
21.9	Aluguer ximnasio: colectivos menores de 18 anos(máximo 25 participantes)	7,30 €
21.10	Aluguer do ximnasio: Colectivos con necesidades de recuperacións especiais (máximo 25 participantes)	10,45 €

22- Musculación – Sauna

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
22.1	Sala de Musculación-sauna unha sesión:	2,70 €
22.2	Sala de Musculación-sauna 2 días a semana (Euros / Mes) (Mañá ou tarde)	16,40 €
22.3	Sala de Musculación-sauna 2 días á semana (Euros /Mes) (Mañá ou tarde) (Maiores de 65 anos ou pensionista)	9,85 €
22.4	Sala de Musculación-sauna 3 días a semana (Euros / Mes) Mañá ou tarde (Polas tardes)	21,65 €
22.5	Sala de Musculación-sauna 3 días á semana Euros/Mes -Mañá ou tarde (Maiores de 65 anos ou pensionista)	13,00 €
22.6	Sala de Musculación-sauna 5 días á semana: (Euros / Mes) Mañá ou tarde	32,45 €
22.7	Sala de Musculación-sauna 5 días á semana: (Euros / Mes) Mañá ou tarde (Maiores de 65 anos ou pensionistas) por persoa	19,00 €
22.8	Sala de Musculación-sauna 5 días á semana: (Euros / Mes)(Só mañás)	27,10 €
22.9	Sala de Musculación-sauna 5 días á semana (Euros mes) (Só mañás) Maiores de 65 anos ou pensionistas	14,00 €
		Euros/Hora
22.10	Clubs con Convenio co Concello de Narón ou Clubs Federados de Narón (Segundo dispoñibilidade de horario (Euros/ hora))	3,50 €
22.11	Outros Clubs (Segundo dispoñibilidade de horario) Máximo 25 participantes . Euros/hora	18,70 €

23- Sauna

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
23.1	Abonados mes (6 usos)	17,55 €
23.2	Unha sesión libre	4,80 €

24- Sala de recuperación funcional

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
24.1	Actividade para usuarios ligados a programas de recuperación funcional na piscina	
24.1.1	Por sesión de 30'	9,35 €
24.1.1 a	Abono de 3 sesións de 30 minutos c/u	27,00 €
24.1.1 b	Abono de 5 sesións de 30 minutos c/u	45,00 €

24.2	Actividade libre para usuarios non ligados a programas de recuperación funcional na piscina	
24.2.1	Por sesión de 30'	12,50 €
24.2.1 a	Abono de 3 sesións de 30 minutos c/u	36,50 €
24.2.1 b	Abono de 5 sesións de 30 minutos c/u	61,00 €

D) ESCOLAS DEPORTIVAS

D-1) DESCENTRALIZADAS

25- Esc. deportivas descentralizadas

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
25.1	Tenis de Mesa (Euros / Mes)	13,05 €
25.2	Remo (Euros / Mes)	13,05 €
25.3	Xadrez (Euros / Mes)	13,05 €
25.4	Escola de Patinaxe Artística (Euros / Mes)	13,05 €
25.5	Escola da Natureza, e Outras Escolas (Centralizadas e Descentralizadas): Euros/por actividade	13,05 €

E) ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE PARA ACTIVIDADES EN GRUPO

26- Actividades varias

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros por persoa
26.1	Cada sesión	5,00 €

F) ABONO FAMILIAR

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
27	Cota anual (ano natural)	59,30 €

Establécese un réxime especial de desfrute na recepción de determinados servizos deportivos que se presten nas instalacións consistente nun aboamento anual familiar para tal fin, que lle outorga aos contribuíntes que elixan este réxime, algunhas tarifas reducidas a cambio da súa fidelización como usuario habitual.

O posuidor do abono familiar terá o desconto que máis abaixo se sinala, sobre a tarifa das seguintes actividades

Natación:

- Escolas municipais (Iniciación e Perfeccionamento).
- Natación adultos (Iniciación e Perfeccionamento e Aquarunning).
- Natación 3ª Idade (Iniciación e Perfeccionamento e Aquarunning).
- Natación de recuperación funcional ou terapéutica e outras.
- Matronatación / Postparto.

- Nado libre con abono.
- Natación para bebés.
- Natación diversidade funcional

Pavillóns e Ximnasios:

- Combinada ximnasia de mantemento-piscina
- Ximnasia de mantemento
- Musculación
- Ioga, pilates e outras
- Tenis de Mesa
- Remo
- Patinaxe artística
- Xadrez
- Outras Escolas Deportivas de pago mensual

Descontos nas taxas ao posuidor do abono familiar:

Nº de Membros de familia	% de Desconto
2 Membros de familia	15%
3 Membros de familia	25%
4 Membros de familia	30%
Máis de 4 membros de familia	50%

O abono familiar que se solicite respecto a esta taxa terá unha validez para o período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano seguinte.

As solicitudes, presentaranse no modelo habilitado para tal fin, dende o 1 de novembro ata o 20 de novembro de cada ano, no Rexistro Xeral do Concello, no Rexistro Auxiliar de Deportes ou a través da Sede Electrónica, e acompañaranse da seguinte documentación:

- **Volante de empadramento**
- **Copia do DNI do/a solicitante**
- **Certificado do número de conta bancaria no que realizar a devolución de ingresos, no seu caso.**

A concesión do “abono familiar” realizarase pola Alcaldía ou persoa en quen delegue, previo informe proposta do Servizo de Deportes. O dito abono terá vixencia en anos sucesivos, sempre e cando se manteñan as mesmas condicións.

Para o caso de que a concesión do abono familiar xere un dereito á devolución das cotas ingresadas en exceso, será preceptivo o informe da Tesourería Municipal.

G) ESTADIO MUNICIPAL

28- Pistas de Atletismo

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
28.1	Adestramentos para clubs que asinan un convenio co Concello de Narón:	
28.1.1	Adestramentos Clubs: Euros/hora	2,60 €
28.1.2	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar (Euros/hora)	
28.2	Resto de usuarios	
28.2.1	Adestramentos- Abono mensual	13,05 €
28.2.2	Adestramento para clubs e/ou grupos (euros/hora)	6,65 €
28.2.3	Competición. Por xornada	209,45 €

29- Pistas de Lanzamento:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
29.1	Adestramentos para clubs que asinan un convenio co Concello de Narón:	
29.1.1	Adestramento clubs: Euros/ hora	3,90 €
29.2	Resto de usuarios	
29.2.1	Adestramento-Abono mensual	13,05 €
29.2.2	Adestramento para clubs e/ou grupos (Euros/hora)	6,65 €
29.2.3	Competición. Por xornada	209,45 €

30 - Campo de Fútbol Herba Natural

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
30.1	Adestramentos e competición	
30.1.1	Adestramento de biberón a xuvenil (Euros/ hora)	11,00 €
30.1.2	Partido ou competición de biberón a xuvenil (Euros/ hora)	21,00 €
30.1.3	Adestramento resto de categorías (Euros/ hora)	41,90 €
30.1.4	Partido ou competición resto de categorías (Euros/ hora)	83,65 €
30.1.5	Incremento por iluminación	41,80 €
30.2	Adestramento e competición de clubs que asinan un convenio co Concello de Narón e Clubs Federados de Narón:	

30.2.1	Adestramento ou partido (Euros/hora)	6,65 €
30.2.2	Partido ou competición con despacho de billetes (Euros/hora)	8,15 €
30.2.3	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar (Euros/hora)	1,50 €
30.3	Actos deportivos (Por acto) máximo 5 horas	125,45

30.4 – Actos non deportivos: Euros/Utilización da instalación.

Actos alleos ao deporte organizados por sociedades ,grupos políticos e asociacións de todo tipo, festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional: Euros/Acto

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Acto /Día
30.4.1	Acto	1.200,00 €

** No campo de Herba Artificial de Río Seco, serán de aplicación as mesmas taxas que no apartado I), correspondente aos Campos de Herba Artificial.*

H) OUTROS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
31.1	Adestramentos e competición	
31.1.1	Adestramento de biberón a xuvenil (Euros/hora)	8,35 €
31.1.2	Partido ou competición biberón a xuvenil (Euros/ hora)	16,50 €
31.1.3	Adestramento resto de categorías (Euros/ hora)	13,00 €
31.1.4	Partido ou competición resto de categorías (Euros/ hora)	25,15 €
31.1.5	Incremento por iluminación	16,80 €
30.2	Adestramento e competición de clubs que asinan un Convenio co Concello de Narón e Clubs Federados de Narón:	
31.2.1	Adestramento ou partido (Euros/hora)	2,85 €
31.2.2	Partido ou competición con despacho de billetes (Euros/hora)	4,35 €
31.2.3	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar (Euros/hora)	1,50 €

31.3 – Actos non deportivos: Euros/Utilización da instalación.

Actos alleos ao deporte organizados por sociedades, grupos políticos e asociacións de todo tipo, festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional: Euros/Acto

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Acto /Día
31.3.1	Acto	227,20 €

I) CAMPOS DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
--------	------------	-------

32.1	Adestramentos e competición	
32.1.1	Adestramento de biberón a xuvenil (Euros /hora)	9,00 €
32.1.2	Partido ou competición biberón a xuvenil (Euros/hora)	18,00 €
32.1.3	Adestramento resto de categorías (euros/ hora)	22,75 €
32.1.4	Partido ou competición resto de categorías (euros/hora)	29,00 €
32.1.5	Incremento por iluminación	25,30 €
32.2	Adestramento e competición de clubs que asinan un Convenio co Concello de Narón e Clubs Federeados de Narón:	
32.2.1	Adestramento ou partido (Euros/ hora)	5,65 €
32.2.2	Partido con despacho de billetes (Euros/hora)	7,00 €
32.2.3	Adestramento ou partido para os clubs que utilicen maioritariamente a instalación (Euros/ hora)	3,75 €
32.2.4	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar (Euros/hora)	1,50 €

32.3 – Actos non deportivos: Euros/Utilización da instalación.

Actos alleos ao deporte organizados por sociedades, grupos políticos e asociacións de todo tipo, festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional: Euros/Acto

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / Acto /Día
32.3.1	Acto	600,00 €

J) CIRCUITO DE AUTOMODELISMO

33 – Actividades deportivas: Euros/mes

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros / mes
33.1	Adestramento individual	10,85 €
33.2	Adestramento de clubs que asinan un Convenio co Concello de Narón (colectivo 30 horas/mes)	32,45 €

K) PISTA DE TIRO CON ARCO

34- Pista de Tiro con Arco:

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
34.1	Adestramentos para clubs que asinan un Convenio co Concello de Narón:	
34.1.1	Adestramento clubs: Euros /hora	3,90 €
34.1.2	Campus e/ou actividades similares para temporadas de vacacións escolares(Verán, Nadal, Semana Santa) para o fomento do deporte e a conciliación familiar (Euros/hora)	1,50 €
34.2	Resto de usuarios	

34.2.1	Adestramento-Outros clubs: Euros/hora	10,85 €
34.2.2	Adestramento Individual (Euros/mes)	6,65 €
34.2.3	Competición. Por xornada	125,45 €
34.3	Aluguer para actividades non deportivas	Euros Acto/Día
	Acto	227,20 €

L) REPOSICIÓN DE TARXETA DE USUARIO

CODIGO	ACTIVIDADE	Euros
35	Por cada reposición de tarxeta de usuario	6,50 €
36	Por cada reposición de chaveiro / outros acceso usuarios	1,50 €

Artigo 4.2. – Pago proporcional

No caso de que os programas recollidos nas tarifas incluídas nos apartado 16, 17, 18, 21.1; 21.2; 21.3; 21.4; 21.5; 21.6, 21.7; 22.1; 22.2; 22.3; 22.4; 22.5; 22.6; 22.7; 22.8; 22.9; se convoquen por un número de sesión inferiores ou superiores ás definidas en cada tarifa, aplicárase a taxa proporcional que corresponda.

Artigo 5.- Deivindicación.

A taxa deivindicarase cando se inicie a prestación efectiva do servizo, a realización da actividade ou a utilización das instalacións, mediante a solicitude de prestación ou acceso ás instalacións contempladas no artigo 4.

O período impositivo nos cursos e actividades impartidos nas piscinas municipais, ximnasios, escolas deportivas municipais e no caso de ter concedida unha reserva de instalación deportiva coincidirá co período de desenvolvemento do curso, actividade ou do tempo autorizado na correspondente licenza ou autorización.

Para o suposto de actividades que teñan un carácter continuado (cursos e actividades nas piscinas, ximnasio, escolas deportivas, etc), o ingreso da primeira tarifa realizarase no momento de darse de alta e formalizar a inscrición. As restantes cotas do período poderán ser fraccionadas sempre que e cando se domicilie o pagamento.

Nos restantes casos, e pola prestación de servizos e utilización das instalacións sinalados na presente ordenanza, o período impositivo coincidirá co período solicitado polo suxeito pasivo para a utilización da instalación deportiva ou a prestación do servizo, deivindicándose a taxa no momento de formalizar a solicitude de entrada ou admisión ao recinto deportivo.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non se preste o servizo ou non se puidera chegar a desfrutar o uso da instalación que motiva a súa exacción, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 6.- Normas de xestión e ingreso.

1.- A taxa xestionarase mediante o procedemento de autoliquidación, salvo que polas características do servizo ou uso sexa convinte a emisión de liquidación por parte da

Administración Municipal atendendo a circunstancias como aquelas en que a tarifa sexa esixible de forma periódica ou reiterada ou en casos de usos extraordinarios cuxa complexidade aconselle este procedemento de xestión.

2.- A xestión da taxa regulada na presente ordenanza será levada a cabo polo Servizo de Deportes do Concello.

Mensualmente, polo servizo de Deportes, elaborárase un padrón para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias correspondentes aos cursos e actividades impartidos nas piscinas municipais, ximnasios, escolas deportivas municipais, reservas de instalacións deportivas e calquera outros usos ou actividades que teñan carácter continuado e periódico.

Acumulados tres recibos pendentes de cobro, causará baixa automática no Padrón.

A dita baixa será notificada ás persoas interesadas.

3.- Nos restantes usos e prestación de servizos, esixírase a autoliquidación do importe das taxas. Prestado o servizo, a cantidade ingresada en concepto de autoliquidación será aplicada ao importe definitivo da taxa, esixíndose, no seu caso, a maior contía que resulte.

4.- O pago da taxa efectuarase, segundo os casos, coa seguinte preferencia de medios que se detallan a continuación:

- Máquinas expendedoras.

- Domiciliación bancaria. Este sistema de pago é obrigatorio para o pagamento das taxas por uso das instalacións deportivas e prestación de servizos deportivos que teñan un carácter continuado e periódico. Para tal efecto, os suxeitos pasivos deberán achegar unha orde de domiciliación no modelo facilitado polo Concello.

En todo caso, a domiciliación estará vixente para sucesivos vencementos e por tempo indefinido, mentres que o usuario non modifique ou cancele a súa petición.

- Autoliquidación con ingreso nas contas habilitadas ao efecto nas entidades colaboradoras autorizadas polo Concello, sempre con carácter previo ao inicio do uso das instalacións ou a prestacións dos servizos correspondentes.

- Por calquera outro medio electrónico habilitado a tal fin que posibilite o oportuno control da xestión recadatoria da taxa.

Serán documentos acreditativos do abono da taxa calquera xustificante emitido en función da forma de pago efectuada.

5.- O pagamento da taxa efectuarase:

a) No suposto de entradas individuais, bonos e/ou utilización de instalación de modo esporádico: no momento de realizar a solicitude de uso ou acceso ás instalación para a realización das actividades e usos definidos no artigo 4. Nestes casos, o suxeito pasivo virá obrigado a presentar autoliquidación no modelo que oficialmente se estableza e a ingresar o seu importe con carácter previo ó seu aproveitamento. Non obstante, dita autoliquidación poderá materializarse mediante o uso de máquinas expendedoras habilitadas para tal fin nas instalacións deportivas municipais.

b) No suposto de utilización de instalacións e prestación de servizos deportivos con carácter continuado, nestes casos o pago realizarase mensualmente a través da domiciliación bancaria dos recibos correspondentes, coa excepción do primeira tarifa

(alta) que se abonará no momento de inscrición na actividade a través de autoliquidación.

A administración xirará os cobros con carácter mensual nos prazos determinados no calendario fiscal do contribuínte.

c) O pagamento da cota anual do abono familiar efectuarase no mes de xaneiro a través de domiciliación bancaria para o caso dos usuarios que xa estivesen dados de alta en dito sistema. Os novos usuarios efectuarán o pagamento no mes de xaneiro practicando autoliquidación.

6.- As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario de cobro, serán esixidas pola vía de prema de acordo coa normativa vixente.

7.- O Concello de Narón poderá establecer convenios de colaboración con entidades, organización ou institucións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas daquelas, ou ás necesidades de liquidación ou recadación.

8.- Para as actividades nas que a taxa estea estipulada por meses, cando estas se programen ou se realicen para períodos inferiores aplicarase a parte proporcional do período efectivamente programado.

9.- As solicitudes de baixa no uso das instalacións ou actividades que teñen carácter continuado, deberán ser presentada no Rexistro Xeral do Concello, no Rexistro Auxiliar nas oficinas do Padroado de Deportes ou a través da Sede Electrónica, mediante instancia dirixida ó Servizo de Deportes, **antes do día 15 do mes anterior** ó que se cursa a baixa. Polo que de presentarse con posterioridade á dita data, o contribuínte deberá satisfacer dita taxa por mes completo non tendo dereito a súa devolución.

Artigo 7.- Exencións

Estarán exentos de pagamentos desta taxa o uso das instalacións deportivas municipais nas actividades organizadas polo Concello de Narón, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se lle conceda o Patrocinio Municipal.

Artigo 8.- Bonos.

Mediante a adquisición dun bono o usuario terá dereito ao número de usos previsto para unha concreta modalidade deportiva, servizo ou actividade.

Os bonos poderán ser utilizados naquelas instalacións deportivas municipais que expresamente se establezan.

Os bonos non terán caducidade.

Os bonos entregados e pagados non quedarán afectados pola aprobación de novas tarifas.

Os bonos non poderán transmitirse a un terceiro.

Nos bonos poderán relacionarse ata un máximo de tres titulares e cada un deles poderán levar acompañante.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no BOP, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.